

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugarodos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

Concello de Mugarodos
(A Coruña)

1

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE MUGARDOS 2022-2023

Primeira. Obxecto das axudas.

O obxecto da presente convocatoria de axudas, en concorrencia competitiva, é favorecer a escolarización pública e formación universitaria nas familias con menos recursos económicos do Concello de Mugarodos.

Segunda. Beneficiarios/as e requisitos.

Para ser beneficiario/a destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Cursar estudos nalgún dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos do concello de Mugarodos, ou cursar estudos de formación regrada impartida por centros públicos ou en centros de Educación Especial, de fóra do concello de Mugarodos.
- b) Cursar estudos en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, de fóra do concello de Mugarodos, por estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun centro de alto rendemento (CAR), nun centro de tecnificación deportiva (CTD) ou nun centro especializado deportivo.
- c) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base quinta da presente convocatoria.
- d) Estar empadroada/o no Concello de Mugarodos.
- e) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- f) Poderán ser beneficiarios da **axuda de transporte** o alumnado que curse estudos de formación regrada impartida por centros públicos de fora do Concello de Mugarodos e que non estean ubicados nos Concellos integrantes da Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.

Terceira. Solicitudes e documentación necesaria.

- a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I-A (Cando o/a alumno/a sexa menor de idade) ou Anexo I-B (Cando o/a alumno/a sexa maior de idade). Poderán obterse na oficina de información e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello de Mugarodos.
- b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:
 1. No caso de ser o alumno/a menor de idade no momento de presentar a solicitude, fotocopia do DNI do solicitante (pai, nai ou titor/a)
 2. No caso de ser o alumno/a maior de idade ou emancipado/a no momento de presentar a solicitude, fotocopia do DNI do solicitante/alumno/a.
 3. Fotocopia do libro de familia no que figuren tódolos membros da unidade familiar.
 4. Informe de empadramento colectivo.
 5. Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2021, dos proxenitores ou titores/as legais. No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Só en casos excepcionais e xustificados poderán autorizar a o Concello de Mugarodos á consulta deses datos segundo modelo autorizado asinado por tódolos integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos ou menores emancipados. Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto na base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar.
 6. Certificado da matrícula ou informe expedido polo centro educativo que acredite a condición de alumno/a para o curso 2022/2023. (No caso de imposibilidade de achegalo no prazo

DAVID VEIGA SIERRA (1 para 1)
ECRE ARNO
Data: 17/06/2022
HASH: a3657f669c8f84f15d33cdeae9cc16683e



Cod. Validación: 445TA3E2PM2KEXHPKD5LZMCPK | Corrección: <https://mugarodos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 19



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

2

de solicitude, éste deberá ser presentado á maior brevidade posible e en todo caso no prazo máximo que se estableza na lista provisional).

7. Certificado ou informe expedido polo CAR, CTD ou centro especializado deportivo ou federación deportiva, ou organismo deportivo competente no que se acredite que o/a citado/a alumno/a-deportista está adestrándose ou desenvolvéndose deportivamente nalgún dos citados centros. (No caso de imposibilidade de achegalo no prazo de solicitude, éste deberá ser presentado á maior brevidade posible e en todo caso no prazo máximo que se estableza na lista provisional).

8. Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e autorización ao concello de Mugardos para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II-A (cando o/a alumno/a é menor de idade) ou Anexo II-B (cando o/a alumno/a é maior de idade).

9. Declaración responsable sobre precepción de axudas, segundo Anexo III-A (cando o/a alumno/a é menor de idade) ou Anexo III-B (cando o/a alumno/a é maior de idade).

10. O concello poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada, e calquera outra necesaria para a valoración da solicitude. As unidades familiares que teñan entregado documentación no departamento de servizos sociais para calquera xestión, que conste no seu expediente e que sexa válida, poderán quedar eximidas da presentación desta documentación, sempre que indiquen o procedemento para o que foi presentada e unha vez sexa revisada polo persoal do departamento.

11. Para as axudas cuxo aboamento sexa a través de transferencia bancaria, será preciso ter presentado o certificado de conta bancaria (co código IBAN) segundo o seguinte:

a) No caso de ser o alumno/a menor de idade no momento de presentar a solicitude, No certificado o/a titular da conta ten que ser o pai/nai ou titor/a legal do alumno/a solicitante da axuda.

b) No caso de ser o alumno/a maior de idade ou emancipado no momento de presentar a solicitude. No certificado o/a titular ten que ser o/a mesmo/a alumno/a.

As solicitudes non poderán ser reformuladas.

Cuarta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

a) A solicitude presentase no rexistro xeral do Concello de Mugardos, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Abriranse unha **CONVOCATORIA ÚNICA** de solicitude: do 1 de xullo de 2022 ao 31 de xullo de 2022

Quinta. Contía das bolsas.


a) Axudas para o ensino.

O Concello de Mugardos concederá ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos na Base 2ª e 6ª das presentes bases, nos seguintes importes por alumno ou alumna e curso:

% IPREM RPC Mensual	2º Ciclo E. Infantil	E. Primaria	ESO e PCPI	Bacharelato, Formación Profesional,	Universidade e Ensinanzas superiores	Educación Especial
--------------------------------	-------------------------------------	------------------------	-----------------------	--	---	-------------------------------



Cod. Validación: 445TA3E2PM2KEXHPKD5LZMCPK | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 19



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

3

				Educación de adultos/as		
Ata o 80% (463,22 €)	40 €	120 €	150 €	150 €	250 €	80 €
>80% ata 100% IPREM 463,23€ -579,02€	30 €	90 €	112€	112 €	187€	60 €
>100% ata 125% IPREM 579,03€ - 723,77€	20 €	60 €	75 €	75 €	125 €	40 €

b) Axudas para o transporte.

A axuda para o transporte escolar para o curso 2022/2023 é de 200 euros por alumno/a que cumpra os requisitos da Base 2ª e que o centro educativo no que curse estudos este fóra do Concello de Mugardos e non este ubicado nos concellos integrantes da área de transporte metropolitano de Ferrol.

No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un deles, segundo o establecido nesta convocatoria.

Sexta. Valoración das solicitudes

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar da declaración do IRPF de 2021.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar**:

- Os proxenitores non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2021.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os/s fillos/as dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. En casos excepcionais, e sempre que exista información ao respecto nos servizos sociais comunitarios, esta situación poderase acreditar mediante informe técnico.
- No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerase familia monoparental aquel "núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que



Cod. Validación: 445TA3E2PW2KEXHPKD5LZMCPK | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 19



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

4

manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da Lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que a filla ou fillo teña sido recoñecido por ambos proxenitores, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos a favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do/da proxenitor/a responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.

A renda per cápita mensual enténdese como o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base impoñible xeral coa base impoñible do aforro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Excepcionalmente, se a unidade familiar alega unha diminución dun 20% ou máis dos seus ingresos durante máis de catro meses consecutivos e se mantivesen na data de inicio do prazo de solicitudes fronte aos ingresos declarados na declaración da renda presentada, poderán achegar esta documentación xustificativa da dita circunstancia para que se teña en conta na valoración.

Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto nestas bases para a determinación dos membros da unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Sétima. Importe máximo e crédito orzamentario

O importe total para axudas de ensino e transporte do curso 2022/2023 prevese en 30.000,00 €, que se imputará ao crédito do exercicio 2022, na aplicación orzamentaria 231.48000 (28.000 €) e 231.78000 (2.000 €) do orzamento vixente do ano 2022, prorrogado de 2021.

Poderáanse otorgar subvencións por contía superior á recollida no parágrafo anterior sempre que se produza un incremento dos créditos conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava. Órganos competentes.

8.1. Órganos de instrución e resolución.

A instrución do procedemento corresponde á Concellería de Servizos Sociais. A resolución do procedemento corresponde ao órgano competente.

A Comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

Presidente/a: O/A concelleiro/a de Benestar.

Secretario/a: O da corporación ou persoal en quen delegue (con voz e sen voto).

Vogais: Unha técnica de servizos sociais comunitarios, e a interventora municipal ou persoal en quen delegue.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª.

Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións. Transcorrido este prazo a





Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.

Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

Concello de Mugardos
(A Coruña)

5

Comisión emitirá unha proposta definitiva e de seguido será aprobada polo órgano competente. De non existir reclamacións no prazo estipulado, a lista provisional elevarase a definitiva.

Notificaráselle a cada solicitante a concesión ou, se fora o caso, a denegación da súa solicitude e a causa desta. Ademais informaráselle do procedemento a seguir para obter a axuda (vale, listado de establecementos conveniados, etc.)

A obtención da axuda estará condicionada á presentación do correspondente informe e/ou certificado do centro de ensino onde conste que o/a alumno/a está matriculado para o curso 2022/2023.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución sobre a concesión da subvención non poderá exceder de tres meses.

Novena. Procedemento para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico complementario.

1.No caso de cursar segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou FPB, concederase un vale para canxear no establecemento correspondente, tal e como se indica nos parágrafos seguintes.

Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar no correspondente establecemento dentro dos indicados no vale, á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento. Se o importe dos libros e material escolar adquirido é inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para o efecto a contía exacta da venda; se o importe fora superior ao valor do vale, a diferenza será aboada polo/a solicitante. O Concello non asume máis que o importe consignado no vale.

O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción dos libros e/ou material escolar.

A persoa solicitante nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción do material.

A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos libros e material escolar entregados, así como, se fora o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto. Unha vez entregados os libros e material escolar, o establecemento quedará en posesión do correspondente vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

A persoa beneficiaria do vale poderá canxear os vales no establecemento elixido (dentros dos indicados no vale) ate o 6 de novembro de 2022.

A admisión por parte dos establecementos dos vales presentados implica a aceptación das condicións das presentes bases.

2. No caso de cursar estudos de formación profesional, educación de adultos/as, universidade ou ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño, e educación especial, terán a obriga de xustificar previamente a axuda e que ésta foi invertida no fin para o que foi concedido.





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugarodos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

6

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o/a beneficiario/a non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décima. Presentación das facturas e tramitación dos vales por parte dos establecementos.

1. Co obxecto de axilizar a tramitación, antes da presentación das facturas, os establecementos en que se vendan os libros de texto e o material escolar que non o fixesen con anterioridade deberán rexistrar os seus datos, enviando o anexo IV debidamente cuberto en todas as súas epígrafes, ao enderezo que figura no seu pé.

Para a acreditación dos datos de identidade os titulares dos establecementos poderán prestar o seu consentimento para a comprobación por medio de acceso telemático ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e para tal fin marcar o recadro correspondente do anexo IV ou, en caso contrario, terán que presentar copia do correspondente documento.

2. Os establecementos dirixirán as facturas ao Concello de Mugarodos. Estas deberán estar emitidas ao CIF do Concello: P1505200D, Avda.de Galicia 45, CP.15620. Mugarodos. **As facturas deben presentarse de xeito electrónico a través do FACE.- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas. Os códigos FACE do Concello de Mugarodos son os seguintes:**

Oficina Contable: LA0001929
Órgano Gestor: LA0001926
Unidade Tramitadora: LA0001927

3. En cada factura deberán figurar, polo menos, os seguintes datos:

- O CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Nome do/a titular do establecemento (empresa / apelidos e nome).
- Os datos do establecemento (denominación comercial, enderezo completo, concello e provincia).
- A data da factura.
- O número de factura.
- O importe total do vale facturado.
- O tipo ou tipos impositivos aplicables ás operacións (base impositiva e IVE do total da factura desagregado).

4. O vale debe adxuntarse coa factura. No vale deberán constar os seguintes datos:

A convocatoria a que pertence: Axudas para o ensino e transporte 2022-2023 (Convocatoria única).

Os datos do/a beneficiario/a da axuda.

Os datos do/a seu/súa representante ou titor/a legal no caso de ser menor de idade.

O importe do vale.

Os vales deben ser orixinais e ter a sinatura da Alcaldía. Non se aceptan vales fotocopiados nin os que carezan da sinatura indicada.

O importe da factura debe coincidir co importe do vale (debe terse en conta que nalgún caso o importe gastado pode ser inferior ao total do vale).





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.

Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

7

A factura deberá ir desglosada e os produtos mercados ben especificados en canto ao concepto, de forma que se poida comprobar inequivocamente que a axuda foi destinada ao concepto polo que foi concedida.

Para os efectos da tramitación, cada factura co seu correspondente vale configura unha unidade, de tal xeito que esta non se tramitará cando exista algún problema co vale que se xunta ata que se proceda á súa emenda.

5. O persoal do concello revisará as facturas. Se na factura se observa algún defecto de forma ou se o importe desta non coincide co do vale que a acompaña non se poderá proceder a tramitación do pagamento, e o concello requirirá o establecemento para que o emende.

6. O prazo máximo para a presentación das facturas no Concello de Mugardos, por parte dos establecementos, será ata o 20 de novembro de 2022 (inclusive).

Undécima. Obrigas das persoas beneficiarias

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

a) Seguir as directrices que se marcan nas presentes bases e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición dos libros e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea matriculado o alumnado.

b) Cooperar co Concello de Mugardos en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.

c) As establecidas para os beneficiarios no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Comunicar inmediatamente as modificacións que se produzan nas circunstancias obxectivas e subxectivas tidas en conta para a concesión da axuda, especialmente a suspensión ou modificación do curso ou programa de estudos para o que se concedeu a axuda, a obtención de ingresos ou axudas para a mesma finalidade e polos mesmos conceptos.

Duodécima. Compatibilidade das axudas

As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos libros e materiais subvencionados. Para estes efectos considérase como materiais curriculares, didáctico e complementario todo o necesario para realizar as actividades que se desenvolven ou promoven no centro docente.

Decimoterceira. Reintegro da axuda.

Procederá o reintegro da axuda, total ou parcialmente, polo incumprimento de calquera das obrigas que incumben á persoa beneficiaria, segundo os artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

Decimocuarta. Documentación para a xustificación.

A xustificación da subvención farase coa presentación no Concello de Mugardos dos seguintes documentos:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.

Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

8

a) Axudas para o ensino.

1. No caso de cursar estudos nalgún dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos do Concello de Mugardos, **a xustificación realizarase mediante a presentación de xeito electrónico a través do FACE.- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas, da factura emitida polo establecemento colaborador xunto co vale para canxear, axústandose ao disposto na Base 10ª.**

Gastos subvencionables:

a) Gasto corrente: Material escolar e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, libros de texto en formato papel ou dixital, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendación do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a.

O Concello poderá solicitar informe ao centro educativo para comprobar que o dito material é requirido ou necesario para a escolarización.

2. No caso de cursar estudos de formación regrada impartida por centros públicos ou en centros de educación especial de fóra do concello de Mugardos, ou cursar estudos en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, de fóra do Concello de Mugardos, por estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo, **a documentación xustificativa serán as facturas orixinais ou debidamente compulsadas que acrediten o gasto realizado.**

Gastos subvencionables:

a) Gasto corrente: Material escolar e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, libros de texto en formato papel ou dixital, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a.

b) Gasto de investimento (bens de equipo): Tablets, pen drives, ordeadores, pincho conexión Internet, uniformes, roupa de traballo ou similares ou ferramentas necesarias para o desenvolvemento curricular da especialidade que se está a cursar, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a. Si se opta por xustificar o gasto mediante este tipo de gasto inventariable, non se poderá xustificar co mesmo ben durante dous cursos escolares inmediatamente seguintes.

So se poderá optar por xustificar os gastos por unha das modalidades, ou se xustifica con gasto corrente ou con gasto de investimento.

O concello poderá solicitar informe ao centro educativo para comprobar que o dito material é requirido ou necesario para a escolarización.

b) Axudas para o transporte.


No caso das axudas para o transporte os xustificantes esixidos presentaranse no momento da solicitude e serán os seguintes:

a) O certificado da matrícula expedido polo centro educativo.

En ambos os dous tipos de axuda, o/a beneficiario/a da subvención acompañará aos xustificantes



Cod. Validación: 445TA3E2PM2KXHPKD5LZMCPK | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 19



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

9

declaración de ter cumprido o obxecto da subvención e relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para a mesma finalidade.

A documentación relativa á xustificación da subvención remitirase á intervención municipal para a súa fiscalización, previo informe do/a técnico/a de servizos sociais comunitarios.

Decimoquinta. Requisitos da documentación xustificativa.

No caso de cursar estudos de formación regrada impartida por centros públicos ou en centros de educación especial de fóra do concello de Mugardos, ou cursar estudos en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, de fóra do Concello de Mugardos, por estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo, a documentación xustificativa serán as facturas orixinais ou debidamente compulsadas que acrediten o gasto realizado.

As facturas deberán cumprir os seguintes requisitos, segundo o caso:

a) Si o/a alumno/a beneficiario/a da axuda é menor de idade no momento de presentar a solicitude de axuda. A factura conterá os seguintes datos ou requisitos que se citan a continuación:

1. Número, e no seu caso serie.
2. Data da súa expedición.
3. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a (neste caso o/a pai/nai/titor/a)
4. Número de identificación fiscal atribuído pola Administración Tributaria Española.
5. Domicilio, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a da operación.
6. Descrición das operacións, consignándose tódolos datos necesarios para determinar a base impoñible e o seu importe.
7. Tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados.
8. A cota tributaria repercutida.

b) Si o/a alumno/a beneficiario/a da axuda é maior de idade no momento de presentar a solicitude de axuda. A factura conterá os seguintes datos ou requisitos que se citan a continuación:

1. Número, e no seu caso serie.
2. Data da súa expedición.
3. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a (neste caso o/a alumno/a)
4. Número de identificación fiscal atribuído pola Administración Tributaria Española.
5. Domicilio, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a da operación.
6. Descrición das operacións, consignándose tódolos datos necesarios para determinar a base impoñible e o seu importe.
7. Tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados.
8. A cota tributaria repercutida.

Nas facturas que se presenten para a xustificación, a data de expedición que conste nas mesmas poderá abarcar aquelas adquisicións ou gastos obxecto destas axudas que se realicen polo/a solicitante ou alumno/a, segundo o caso, dende o 01 de xullo de 2022 ata o 31 de marzo de 2023 (inclusive).

Decimosexta. Prazo para a xustificación.



Cod. Validación: 445TA3E2PM2KEXHPKD5LZMCPK | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 19



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugardos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

10

1. Os prazos para presentar a documentación xustificativa serán os seguintes:

a) Axudas para o ensino (mediante vale). O prazo para a presentación das facturas de xeito electrónico a través do FACE.- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas, no Concello de Mugardos, por parte dos establecementos, comenará o 7 de novembro e rematará o 20 de novembro de 2022 (inclusive).

b) Axudas para o ensino. O prazo para a presentación das facturas no Rexistro do Concello de Mugardos, por parte dos/as solicitantes, comenará o 7 de novembro e rematará o 31 de marzo de 2023.

2. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que o/a interesado/a desiste da súa petición, o que será aceptado polo órgano competente que declarará concluso o procedemento.

Decimoseptima.-Publicación da convocatoria e da concesión das subvencións.

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, por conducto da BDNS, con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarios/as, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Será tamén obxecto de publicidade no Taboleiro de Edictos do Concello, na web municipal web <http://www.concellodemugardos.gal> e na Sede electrónica municipal <https://mugardos.sedelectronica.gal/>

Disposición adicional primeira.

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional Segunda.

Esta convocatoria ríxese pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mugardos BOP nº de 183 de 25.09.2013.


Disposición adicional Terceira.

Contra a resolución de outorgamento das subvencións, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ferrol que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



Cod. Validación: 445TA3E2PW2KEXHPKD5LZMCPK | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 19



Concello de Mugarodos
(A Coruña)

Dilixencia que fago eu, o secretario, para facer constar que o presente documento aprobouse por resolución núm. 592 do 17/06/2022.
Asinado en Mugarodos polo secretario o día indicado no panel de sinatura

11

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Disposición derradeira.

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto nas aplicacións orzamentarias destinadas para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Mugarodos para o ano 2022. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan rendas per cápitas máis baixas, e de persistir o empate o maior número de membros na unidade familiar.

Anexo I-A: Modelo de solicitude de de axudas para o ensino e o transporte para o curso 2022/2023 do Concello de Mugarodos cando o/a alumno/a e menor de idade.

Anexo I-B: Modelo de solicitude de de axudas para o ensino e o transporte para o curso 2022/2023 do Concello de Mugarodos cando o/a alumno/a e maior de idade.

Anexo II-A: Declaracións responsables cando o/a alumno/a é menor de idade.

Anexo II-B: Declaracións responsables cando o/a alumno/a é maior de idade.

Anexo III-A: Declaración responsable sobre percepción de axudas cando o/a alumno/a é menor de idade.

Anexo III-B: Declaración responsable sobre percepción de axudas cando o/a alumno/a é maior de idade

Anexo IV: Aceptación da participación como entidade colaboradora na xestión das axudas

Anexo V: Autorización para consulta de datos padronais.

